



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión 27 do decembro de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1051).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(1052).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO” PARA PARTICIPACIÓN NA “CABALGATA DE REIS 2025”. EXPTE. 10347/335

Visto o informe de fiscalización de data 27/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/12/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (en adiante TRLRFL).
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A “ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO” presenta escrito, con data de rexistro na sede electrónica municipal 10 de decembro do 2024, de solicitude de convenio para participar na “CABALGATA DE REIS 2025” que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2025.

Segundo.- O día 18 de decembro do 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente para a celebración correspondente, por importe de 4.200,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario 2025 do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN

O Concello de Vigo ven mantendo unha política activa de apoio dirixido ás asociacións sen ánimo de lucro do municipio, celebrando convenios e outorgando axudas e subvencións conforme a legalidade vixente, para colaborar na realización dos fins sociais que teñen encomendados. Neste marco a citada asociación solicitou ao Concello de Vigo a colaboración económica para poder participar de forma activa na Cabalgata de Reis 2025 atendendo aos obxectivos e fins da mesma.

Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes ou universidades públicas entre elas ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (artigo 47.1 LRJAP). A única limitación é que non poderán ter por obxecto beneficios inherentes aos contratos (artigo 47.3 LRJAP).

O convenio enmarcase en materias de competencia propias do Concello, a promoción da cultura e equipamentos culturais, recollidas nos artigos 25.2. m da LBRL, e o 80.2. n) (actividades culturais) da LALGA.

A Asociación Discamino de Santiago (G27852375) ten como obxectivo xeral a integración das persoas con discapacidade no conxunto da sociedade sendo esencial a mellora da calidade de vida das persoas pertencentes a este colectivo, sen olvidar que a súa realidade social vese prexudicada por problemas asociados á súa discapacidade, tanto de tipo social como persoal.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

-II-

DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE EFICACIA DOS CONVENIOS

A LJSP establece os seguintes requisitos para os convenios:

- a) Non poderán implicar a transferencia da titularidade da competencia.
- b) A sinatura dos convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta dos medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- c) A xestión, xustificación e demais actuacións relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos económicos, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.
- d) Os convenios que inclúan compromisos económicos deberán ser financeiramente sustentables, e os que os asinen deberán ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.
- e) As achegas económicas que os asinantes se comprometan a realizar non poderán superar os gastos derivados da execución do convenio.

A Asociación Discamino presentou a seguinte documentación:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

Revisada a documentación presentada, procede analizar se o convenio previsto cumpre cos requisitos esixidos no artigo 48 da LRJAP:

- Non implica transferencia da titularidade da competencia, que segue correspondendo ao concello.
- A sinatura deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública, neste caso a cabalgata de reis, e cumpre coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, non afectando a estabilidade e sustentabilidade financeira do Concello.
- A memoria económica que se achega, incorpora o presuposto xeral de gastos por un importe total de 4.200 € (catro mil douscentos euros) e inclúe todos os gastos que se xerarán como consecuencia da animación coa que participarán na Cabalgata de Reis. O gasto axustase ao disposto na lexislación orzamentaria.
- O aboamento deste importe é financeiramente sustentable. Aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario do 2025.
- Este gasto non supera os gastos derivados da execución do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

-III-

DO CONTIDO DOS CONVENIOS

O contido obrigatorio dos convenios está regulado no artigo 49 da LRJAP:

- a) Os suxeitos que asinen o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamentan as actuacións da Administración.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, se é o caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se é o caso, con indicación da súa distribución temporal por anualidades e a súa consignación específica ao orzamento correspondente segundo o disposto na lexislación orzamentaria.
- e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, se é o caso, dos criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto dos convenios.
- g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.
- h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes normas:
 1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá exceder de catro anos, salvo que legalmente se prevexa un prazo superior.
 2. En calquera momento antes do remate do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

O convenio inclúese no Anexo I deste informe e o seu contido axústase o previsto na lei.

-IV-

FINANCIAMENTO DO CONVENIO

Este convenio prevé un gasto de 4.200,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario do 2025, a favor da “Asociación Discamino Santiago”, suxeito ao cumprimento pola mesma das obrigas previstas no mesmo.

-IV-

COMPETENCIAS

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Xeral do Concello de Vigo.

-V-

PROPOSTA DE ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar o convenio coa “Asociación Discamino de Santiago” (CIF G-27852375, contido no Anexo I deste informe, para colaborar cos gastos derivados da súa participación na “Cabalgata de Reis 2025” por importe de 4.200 € (catro mil douscentos euros) á e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario 2025 do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO” PARA A PARTICIPACIÓN NA “CABALGATA DE REIS 2025”

REUNIDOS

Dunha parte, dona Patricia Rodríguez Calviño, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

Municipal do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de data 20 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28/6/2024.

Doutra parte, D. Javier Pitillas Torra con DNI 22643038 K en representación da ASOCIACION DISCAMINO DE SANTIAGO, con NIF G27852375, Asociación cultural deportiva sin ánimo de lucro con personalidade xurídica, con número de rexistro no Concello de Vigo 01442-24.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento do presente convenio e

EXPOÑEN

I. Os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, segundo o previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL). Entre estas competencias atópase a promoción da cultura (artigo 25.2.m da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia).

II. A Asociación Discamino de Santiago (G27852375) ten como obxectivo xeral a integración das persoas con discapacidade no conxunto da sociedade sendo esencial a mellora da calidade de vida das persoas pertencentes a este colectivo, sen olvidar que a súa realidade social vese prexudicada por problemas asociados á súa discapacidade, tanto de tipo social como persoal.

PACTOS

Primeiro.- NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO

O presente convenio é de natureza administrativa, resultándolle de aplicación o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O presente Convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración no evento CABALGATA DE REIS 2025 entre o Concello e a Asociación Discamino de Santiago coa finalidade de colaborar coa inclusión das persoas con discapacidade na participación activa nos eventos socioculturais organizados polo Concello de Vigo.

Segundo.- OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

Os obxectivos deste convenio están centrados no apoio dirixido ás asociacións sen ánimo de lucro do municipio para colaborar na realización dos fins sociais que teñen encomendados e no fomento da participación na vida cultural da cidade das persoas con discapacidade.

Terceiro.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento do proxecto cunha achega de 4.200,00 € (catro mil douscentos euros). O importe comprometido por parte do Concello de Vigo realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario 2025 do Concello de Vigo.

Cuarto.- COMPROMISOS DAS PARTES

a) A Asociación Discamino de Santiago comprométese a:

- 1) A colaborar no desenvolvemento do evento “Cabalgata de Reis “2025” que terá lugar o día 5 de xaneiro, participando con carrozas e disfraces elaborados por voluntarios e usuarios da asociación. Participará con 17 Triciclos tándem convertidos en carrozas; catro renos (Papá Noel e paxes), catro unicornios (fadas e elfos), tres camelos (Magos e paxes), dúas bañeiras con dous bonecos de neve, catro Joelettes e dúas cadeiras-bicicletas, así como 18 voluntarios a pé disfrazados de diferentes personaxes de contos de Nadal.
- 2) Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da participación na Cabalgata de Reis.

b) O Concello de Vigo comprométese a

- 1) Facilitar a participación da asociación nos actos da cabalgata de Reis 2025.
- 2) Efectuar unha achega económica por importe de 4.200 euros para afrontar os gastos derivados da participación da asociación na Cabalgata de Reis.

Quinto.- XUSTIFICACIÓN

A beneficiaria, unha vez rematada a actividade, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución do obxecto deste convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Sexto.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase tras a celebración do desfile da Cabalgata de Reis 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

O pagamento efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES25 2100 1773 8602 0027 0463 da entidade CAIXABANK, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto quinto.

Sétimo.- SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE EXECUCIÓN DO CONVENIO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión paritaria integrada por un dous representantes de cada unha das partes asinantes, e o coordinador do Plan de Autoprotección.

A Comisión Mixta terá como funcións o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes. Tamén resolverá os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo.

A Comisión será presidida pola Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e formarán parte da mesma, o presidente da asociación e outro vogal designado por este e o/a xefe/a do servizo de Festas, que exercerá as funcións de secretario/a.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente a súa presidenta, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo.

Oitavo.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou o presente convenio deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados polo servizo de Festas.

O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das entidades asinantes do presente convenio, determinará a resolución do mesmo e a entidade incumpridora asumirá os danos acreditados que se deriven daquel. De non alcanzarse acordo expreso entre as partes, para o seu cálculo e abono estarase aos criterios establecidos polo artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Noveno.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración terá un prazo de vixencia dende a súa sinatura ata o día 8 de xaneiro do ano 2025.

Décimo.- MODIFICACIÓN

O presente convenio poderá ser modificado mediante acordo expreso das entidades asinantes.

Undécimo.- CONTROVERSIAS

A Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

En caso de controversias, as entidades asinantes se comprometen a colaborar en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do previsto neste convenio; conforme a elo, faranse os máximos esforzos para resolver de forma amistosa calquera controversia que puidese xurdir na interpretación e cumprimento deste.

Duodécimo.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada cun preaviso de tres meses.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

Décimo terceiro.- CONFIDENCIALIDADE

Ambas as partes comprométense a cumprir e facer cumprir o deber de segredo profesional e de confidencialidade, que abranguerá calquera información ou dato que se puidese coñecer con ocasión desta colaboración.

Décimo cuarto.- XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, rexerese polas súas propias cláusulas, aínda que resultará de aplicación supletoria a fin de cubrir as lagoas de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

interpretación que puidesen xurdir, conxuntamente coas normas xerais do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente convenio específico de colaboración que non foran resoltas pola comisión de seguimento prevista no pacto quinto do convenio, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición.

3(1053).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2023-2024. EXPTE. 10235/335.

Visto o informe de fiscalización do 23/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/12/2024, asinado pola secretaria de Administración Municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 13 de setembro de 2024 apróbbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2023 – 2024 (expte. 10235/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 395.000,00 € con cargo á partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas) do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 20 de setembro de 2024 foron publicadas no BOOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do Servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2023 - 2024. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou dende a publicación do extracto no BOOPO, (26 de setembro de 2024) finalizando o 17 de outubro de 2024, ambos os dous incluídos.

Ante a gran cantidade de información e documentación que xenera esta subvención, a fin garantir que a tramitación e pagamento das subvencións se poda realizar con cargo ao presente exercicio económico e tendo en conta que o Servizo de Comercio e Festas Especiais non dispón dos recursos técnicos e de persoal suficientes para a realización destes traballos e non estando prevista na Relación de Postos de Traballo, por resolución da concellería delegada de 18.09.2024 (expte. 10617-106) adxudicouse á empresa SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL, (B96067400) o contrato menor para “prestación do servizo de supervisión, inspección e xestión administrativa dos eventos e programas obxecto de subvención no Servizo de Comercio e Festas Especiais”.

Vista a actas da Comisión de Avaliación de 17.12.2024 que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Unha vez examinado o informe presentado por Esther Sánchez Nájera, técnica xurídica de dita empresa, de 16.12.2024 (doc. W1224024-8846).

Unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución e resolución do procedemento) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Visto o informe xurídico de 23.12.2024 e de fiscalización de 23.12.2024, dado a data en que nos atopamos – 27.12.2024 - , non resulta coherente acordar o previsto no punto terceiro do informe proposta:

*“**TERCEIRO.-** Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 27 de decembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”.*

Polo que a ampliación do prazo, que sí será necesaria, adoptárase nun novo acordo posterior.

Dado que o acordo xa foi fiscalizado por intervención e a modificación que agora se plantexa non ten contido económico, non se remite a intervención.

Respecto ao órgano competente é a Xunta de Goberno Local conforme ao previsto nas bases e no artigo 127. 1 g) LRBRL e, fronte ao acordo, proceden os recursos previstos nas bases reguladoras da convocatoria.

De conformidade co establecido no artigo 8. 1 c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno deberá facerse pública, entre outra información, a relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

En sentido similar pronúnciase o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, se ben a devandita Lei non resulta de aplicación ás Entidades Locais, na medida na que o seu artigo 3 non inclúe a estas últimas no seu ámbito subxectivo de aplicación.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Parques e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

Xardíns, Comercio e Festas Especiais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Unha vez finalizada a avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionable 1. distribuir o saldo restante (103.000,00 €) entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 2., Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O nº máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar será de DOUS (2)

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude á entidade que a continuación se relaciona:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
60-1061	Asoc. Banda de música Unión Musical de Valladares	G36639110	Incumpre a base 9.2.7

Conforme o recollido na base novena, apartado 2.7 o programa presentado celebriase fora do termo municipal.

TERCEIRO.- Outorgar as seguintes subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, gastronómicas e actividades socioculturais – período 2023-2024 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispoñendo o gasto con cargo á partida orzamentaria 3380.4890000 “Transf. a entidades e comisións de festas” do orzamento en vigor:

Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas,

Expte	Entidade	CIF	Programa	importe subv.
45/1061	Sociedade Cultural e Deportiva	G36620854	Festival Zocos na Man	1.650,15 €
46/1061	Atlántida - Matamá		Festa do Socio 2024	1.800,00 €
84/1061	Centro Cultura Vecinal de Deportiva VIGOCENTRO	G27762434	Baile Moderno	1.343,14 €
71/1061	Agrupación de Centros Deportivos e Culturais	G36791291	Encontro de Teatro	1.726,90 €
69/1061	ASOC. PANDERETEIRAS URDIME	G27797448	Baile dos Defuntos - Samaín	600,00 €
35/1061	Cscdr Val do Fragoso	G36640860	Festa do Socio e Noite de San Xoan	1.343,14 €
44/1061			Entroido	621,64 €
43/1061	Centro Recreativo e Cultural de Cabral	V36658680	X Festa Infantil	997,50 €
42/1061	Asoc. Sociocultural As da Industria	G27852755	Son da Industria	1.650,15 €
49/1061			San Xoan	1.573,40 €

81/1061	ASC Irmandade Nosa Sra. das Neves - Matamá	G36954162	Certamen de Bandas 2024	1.500,00 €
82/1061			Entroido 2024	1.650,15 €
39/1061	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	Encontro de Primavera	1.330,00 €
40/1061			Animalia	1.419,90 €
53/1061	Asoc. Coral Polifónica Anduriña	G36898708	XVII Festival I. Habaneras y Polifonía Coruxo	1.803,65 €
77/1061	Asoc. Veciñal Socio-Cultural e Deportiva S. Miguel de Oia	G36648640	Música e Letras (Nadal)	993,62 €
78/1061			Gastronómicas (Chourizada)	583,16 €
73/1061	A.C. THE WILD	G27867076	The Wild 2024	1.726,90 €
74/1061	ASOC. SFORZA BEMBRIVE	G06929418	Serán do Chourizo a Sidra	500,00 €
72/1061	A.C. ABELLA PRODUCCIONS	G27877703	Pequefreak 2024	1.765,28 €
62/1061	ASOC. Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	G36617082	Celebrando a cultura e as Letras Galegas 2024 (XVI Edición)	2.302,53 €
63/1061			A musica tradicional RE-VISTA (Memorial Moxenas) Edición XII	2.264,16 €
64/1061	Unión Veciñal Cultural e Deportiva Candeán	G36863348	San Xoan	1.000,00 €
65/1061			Magosto	700,00 €
55/1061	Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral	G36651073	Fogueira San Xoan	600,00 €
48/1061			XXXIV Festa do Socio	1.200,00 €
79/1061	Asoc. Cultural Xarabal	G36884864	Magosto Popular	1.000,00 €
80/1061			Outono Musical	1.000,00 €
70/1061	Asoc. Cultural Folclórica O Fiadeiro	G36812204	Festival Baile Moderno O Fiadeiro	1.400,00 €
75/1061	Asoc. Veciñal A Unión de Matamá	G36654036	Festival Folc San Amaro	2.571,16 €
76/1061			Festa do San Xoan	1.842,03 €
18/1061	Asociación de Veciños do Calvario	G36627495	III Certame Comic de Banda á feira	1.957,15 €
28/1061	Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo	G36627495	A Homenaxe	2.763,04 €
29/1061			Enterro do Castrón	931,56 €
67/1061	Asoc. Folclórica Cultural e Veciñal Andarela	G36698686	San Xoan no Calvario 2024	1.611,77 €
54/1061	Asoc. Cultural Traspés	G27739861	XII Concurso de Canto e Percusión Tradicional Traspés	2.109,08 €
66/1061			XIV Serán Traspés	1.000,00 €
22/1061	Asoc. I. Nsa. Sra. Da Alba e San Bartolomeu	G36887933	Romeria Alba 2024	3.000,00 €
23/1061	Asoc. de Veciños de San Roque	G36659894	Festa das Castañas (Magosto 2023)	618,75 €
10/1061	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	XXXIV Certame da tortilla e churrasco	1.315,06 €
19/1061			XXXVI Festa de San Xoan	1.137,73 €
32/1061	Asoc. Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Romaría dos Ramallos	2.000,00 €
21/1061	Asoc. VCD San Xurxo de Saians	G36648988	XXXVII Festa da Amizade	1.100,00 €
13/1061	Asoc. VCR San Mamedé de Zamáns	G36691855	Festa do Socio	1.000,00 €
41/1061	Asoc. Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa Helios	G36633428	Festa do Socio 2024	1.880,40 €
68/1061	Asoc. de Veciños Monte de Mina de Castrelos	G36623593	Festa da Convivencia	2.417,66 €
34/1061	Asoc. de Veciños de Sampaio	G36648103	Festa de San Xoan- Sardiñada	754,00 €
58/1061	Asoc. de Veciños de Beade AVCU-CSCR	G36632081	Beade Dinámico	3.000,00 €
36/1061	Asoc. de Veciños Nosa Terra de Al-	G36649374	Festa de San Xoan 2024	2.110,66 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

	cabre			
1/1061	Asoc. de Veciños Praza da Miñoca - Coia	G36842284	"Chourizada San Xoan"	1.394,45 €
61/1061	Asoc Banda de Música, Unión Musical de Valladares	G36639110	Unha noite de amor con Lela	850,00 €
4/1061	Movemento Cidadán o Noso Barrio	G36784296	Festas de A Bouza 2024	600,00 €
TOTAL				76.009,88 €

O importe total concedido ao concepto subvencionable **Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas** ascende a **76.009,88 €**

TERCEIRO.- Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

CUARTO.- Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1054).- PRÓRROGA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI PERÍODO 2023-2024. EXPTE. 10235/335.

Visto o informe de fiscalización do 27/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria de Administración Municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data 13 de setembro de 2024 apróbbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2023 – 2024 (expte. 10235/335). A

cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 395.000,00 € con cargo á partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas) do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 20 de setembro de 2024 foron publicadas no BOOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do Servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2023 - 2024. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou dende a publicación do extracto no BOOPO, (26 de setembro de 2024) finalizando o 17 de outubro de 2024, ambos os dous incluídos.

II. O Concelleiro de Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais en xuntanza de data 17/12/2024 procederon, conforme á información e documentación obrante no expediente, a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes, acordando estimar a solicitude das entidades ás que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda, así como desestimar a solicitude que non cumpría coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria.

O proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados nos baremos que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración establecidos na cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria.

III. Formulada a correspondente proposta, foi fiscalizada favorablemente pola Intervención Xeral Municipal en data 23/12/2024.

IV. Con data 27.12.2024 emítese novo informe proposta anulando un punto o informe proposta anterior, sen efectos económicos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local, do acordo de concesión con identificación das beneficiarias e contía outorgada, así como a desestimación das subvencións para o desenvolvemento de actividades socioculturais período 2023 – 2024.

Considerando que os gastos subvencionables contemplados na **Base 3ª**, serán os realizados dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024 e tendo en conta que a data límite para a súa xustificación segundo as instrucións de peche do exercicio orzamentario asinadas o 24/10/2024, é ata o 15 de novembro, procede a prórroga do expediente e a ampliación do prazo para a xustificación das subvencións, todo elo, debido a que polo retraso producido na tramitación das presentes subvencións, o servizo xestor non tramitou toda a xustificación das ditas subvencións no ano do outorgamento, polo que cómpre a prórroga do expediente, para manter as actuacións realizadas, de xeito que as entidades beneficiarias que xustificaron dentro do prazo, non perdan o dereito.

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar as subvencións, unha vez realizado o evento e sempre antes do 15.11.2024; circunstancia imposible polo que procedería conceder, ademais dunha prórroga do expediente, unha prórroga para o prazo de xustificación xa que do propio expediente acredítase que en dita data as subvencións non estaban concedidas, polo que dificilmente os beneficiarios poderían xustificar algo; dita



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

prórroga está prevista na cláusula 13. 1 das bases “O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustificuen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local”.

O artigo 70 do RLXS dispón que “1. El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.

2. Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.

Así mesmo o artigo 32 da LPAC vixente dispón “1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados. (..)”.

Xa que logo, faise necesaria a tramitación desta convocatoria de subvencións como expediente prorrogado, de conformidade co anteriormente exposto e, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, fórmulase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente, a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar a prórroga da tramitación do expediente 10235-335 correspondente á **CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2023-2024** de acordo aos informes emitidos e os trámites realizados que constan no dito procedemento.

SEGUNDO: Ampliar a prazo da xustificación da subvención, concedendo aos beneficiarios un prazo de xustificación de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación e/ou notificación do presente acordo, para dar cumprimento ás finalidades para as que se concedeu a subvención e aplicación dos fondos recibidos.

TERCEIRO: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1055).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR DO ANO 2024 (4º). EXPTE. 103015/140.

Visto o informe de fiscalización de data 26/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/12/2024, asinado pola xefa de fiscalización, o interventor xeral e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2024.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Carballo Acuña Al- erto	12024000170492	1320.2120000	1.000,00	83,59	08/10/24	11/12/24	08/01/25	916,41	0,00
Carballo Acuña Al- erto	12024000170494	1320.2200000	300,00	129,55	08/10/24	11/12/24	08/01/25	170,45	0,00
Carballo Acuña Al- erto	12024000170739	1320.2190000	1.000,00	95,58	09/10/24	12/12/24	09/01/25	904,42	0,00
Carballo Acuña Al- erto	12024000180235	1320.2250200	1.500,00	835,40	05/11/24	17/12/24	05/02/25	664,60	0,00
Domínguez Pereira eatriz	12024000153567	9201.2260300	8.000,00	----	27/09/24	20/12/24	27/12/24	8.000,00	----
Fernández Fernán- z Paz	12024000109358	2310.4810000	320.000,00	291.675,60	17/06/24	01/10/24	17/09/24	28.324,40	0,00
Fernández Fernán- z Paz	12024000128332	2310.4800000	300.000,00	299.075,21	19/07/24	12/12/24	19/10/24	924,79	---
García Álvarez uis	12024000152861	1720.2269900	11.200,00	11.200,00	24/09/24	16/12/24	24/12/24	0,00	0,00
López-Torrón Ló- pez Jesús	12024000198479	2310.7800000	6.897,45	0,00	10/12/24	18/12/24	18/03/25	6.897,45	0,00
Mega Andión Oscar	12024000146797	2311.4800000	4.000,00	3.965,00	03/09/24	21/11/24	03/12/24	35,00	0,00
Mega Andión Oscar	12024000179710	9340.1620000	210,00	210,00	31/10/24	10/12/24	31/01/25	0,00	0,00
Peites Alén M. ^a olores	12024000165627	9320.1620000	3.000,00	3.000,00	02/10/24	18/12/24	02/01/25	0,00	0,00
Peites Alén M. ^a olores	12024000169642	9320.2302000	310,11	56,10	03/10/24	18/12/24	03/01/25	254,01	0,00
Peites Alén M. ^a olores	12024000169643	9320.2312000	900,00	795,13	03/10/24	18/12/24	03/01/25	104,87	0,00



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe li-brado	Importe xustificado	Data de pa-gamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustifica-ción	Reinte-gro	S/ a fa-vor
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000170775	9320.1620000	1.620,00	1.620,00	09/10/24	16/12/24	09/01/25	0,00	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000178238	9320.1620000	350,00	350,00	25/10/24	20/12/24	25/01/25	0,00	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000178239	9320.2302000	225,44	93,50	25/10/24	20/12/24	25/01/25	131,94	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000178240	9320.2312000	700,00	842,07	25/10/24	20/12/24	25/01/25	0,00	142,07
Vituro Gómez Marcos	12024000141002	9201.2260300	20.000,00	15.863,65	20/08/24	20/11/24	19/11/24	4.136,35	0,00
Vivero Mijares An-tonio	12024000117996	1350.2269901	20.000,00	16.607,50	02/07/24	09/12/24	02/10/24	3.392,50	0,00
TOTAL			701.213,00	646.497,88				54.857,19	142,07

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 12024000109358 e 12024000128332 de Paz Fernández Fernández e n.º 12024000117996 de Antonio Vivero Mijares.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 12024000109358 e 12024000128332 de Paz Fernández Fernández e n.º 12024000117996 de Antonio Vivero Mijares non se rendiron no prazo normativamente establecido.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas estará debidamente relacionada coas súas correspondentes ordes de pagamento nos expedientes electrónicos no xestor de expedientes.

PROPOSTA

A base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2024 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a ese órgano a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Carballo Acuña Alberto	12024000170492	1320.2120000	1.000,00	83,59	08/10/24	11/12/24	08/01/25	916,41	0,00
Carballo Acuña Alberto	12024000170494	1320.2200000	300,00	129,55	08/10/24	11/12/24	08/01/25	170,45	0,00
Carballo Acuña Alberto	12024000170739	1320.2190000	1.000,00	95,58	09/10/24	12/12/24	09/01/25	904,42	0,00
Carballo Acuña Alberto	12024000180235	1320.2250200	1.500,00	835,40	05/11/24	17/12/24	05/02/25	664,60	0,00
Domínguez Pereira Beatriz	12024000153567	9201.2260300	8.000,00	----	27/09/24	20/12/24	27/12/24	8.000,00	----
Fernández Fernández Paz	12024000109358	2310.4810000	320.000,00	291.675,60	17/06/24	01/10/24	17/09/24	28.324,40	0,00
Fernández Fernández Paz	12024000128332	2310.4800000	300.000,00	299.075,21	19/07/24	12/12/24	19/10/24	924,79	---
García Álvarez Luis	12024000152861	1720.2269900	11.200,00	11.200,00	24/09/24	16/12/24	24/12/24	0,00	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	12024000198479	2310.7800000	6.897,45	0,00	10/12/24	18/12/24	18/03/25	6.897,45	0,00
Vega Andión Oscar M.	12024000146797	2311.4800000	4.000,00	3.965,00	03/09/24	21/11/24	03/12/24	35,00	0,00
Vega Andión Oscar M.	12024000179710	9340.1620000	210,00	210,00	31/10/24	10/12/24	31/01/25	0,00	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000165627	9320.1620000	3.000,00	3.000,00	02/10/24	18/12/24	02/01/25	0,00	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000169642	9320.2302000	310,11	56,10	03/10/24	18/12/24	03/01/25	254,01	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000169643	9320.2312000	900,00	795,13	03/10/24	18/12/24	03/01/25	104,87	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000170775	9320.1620000	1.620,00	1.620,00	09/10/24	16/12/24	09/01/25	0,00	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000178238	9320.1620000	350,00	350,00	25/10/24	20/12/24	25/01/25	0,00	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000178239	9320.2302000	225,44	93,50	25/10/24	20/12/24	25/01/25	131,94	0,00
Vieites Alén M. ^a Dolores	12024000178240	9320.2312000	700,00	842,07	25/10/24	20/12/24	25/01/25	0,00	142,07
Vituro Marcos Gómez	12024000141002	9201.2260300	20.000,00	15.863,65	20/08/24	20/11/24	19/11/24	4.136,35	0,00



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

Vivero Mijares Antonio	12024000117996	1350.2269901	20.000,00	16.607,50	02/07/24	09/12/24	02/10/24	3.392,50	0,00
TOTAL			701.213,00	646.497,88				54.857,19	142,07

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1056).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA” - NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION_EU”. EXPTE. 2123/441.

Visto o informe xurídico de data 17/12/2024 e o informe de fiscalización de data 23/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/12/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos en data 19.01.2024 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”, a favor da empresa favor da mercantil Capitel Arquitectura Ingeniería e Innovación SL.

2.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto Vigo Vertical “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

3.- Previo informe dos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de datas 04 e 07.10.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 08.10.2024 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.10.2024 aprobou o proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS CORENTA E CATRO MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (3.344.461,20 €) e con sinatura dixital de data 03.10.2024 (Expte. 6436-443).

4.- Co fin de articular a colaboración necesaria entre o Concello de Vigo e a Axencia de Turismo de Galicia, para o desenvolvemento do PSTD 2022, asinouse en datas 6 e 7 de maio de 2024 o CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística en destino (PSTD) do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 218 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos. A través da Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Generales del Estado para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

5.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.10.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6436-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Industrial Javier De La Puente Crespo.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 17.10.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 17.10.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Inversións e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 22.10.2024.
- E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 24.10.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 27.11.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 27 e 28.11.2024.
- H) Informe de sostibilidade financeira asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Inversións asinado en datas 27 e 28.11.2024.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 04.12.2024.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 11.12.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04 e 07.10.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NO PASEO DE GRANADA NO MARCO DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO, FINANCIADO CON FONDOS DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION_EU**”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS CORENTA E CATRO MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (3.344.461,20 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2024	100.000,00 €
2025	2.650.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1812/1102

2026	594.461,20 €
TOTAL	3.344.461,20 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 11.12.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1539.609.0031 (VV Paseo Granada PSTD FMRR) - proxecto de gasto 24153931, por importe de 100.000,00 € e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais do exercicio 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 1539.609.0031, crédito por importe de 2.650.000,00 € e 594.461,20 €, respectivamente.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 2.650,00% e para a terceira anualidade nun 594,46 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez